



**MARIO ÁLVAREZ CID**

Ourense, 1962

Profesor de EXB. Profesor colaborador da Escola Provincial de Danzas.



# O folión

Mario Álvarez Cid

**C**oa palabra folión, os chantadinos asociamos unha manifestación cultural e folclórica que provén da Idade Media, aínda que a primeira constancia de dito desfile de carros, que se conserva escrita, datámola no ano 1839. Durante a Guerra Civil e a súa postguerra sufriu unha paréntese, que con toda seguridade, volveuse recuperar no ano 1968 ata os nosos días.

Trátase de representar tódalas angueiras do campo e da vida cotiá que abarcan dende o monte do Faro ata a ribeira do Miño.

Nos primeiros anos de vida do Folión as representacións gremiais como: os zoqueiros, oleiros, panadeiros, tecedeiras, viticultores, etc. facíanse no carro celta tirado por vacas e bois que se cubrían con mantas do tear, peles de cans e raposos, para así

contribuir a que o conxunto dos animais e carro estivesen ben engalanados. A súa vez o eixe do carro mollábase para que ó seu paso polas rúas da Vila cantase con un fino asubío. Isto facíase para contraria-los distintos bandos que se puñan á entrada dun novo alcalde e prohibían, baixo multa, o que os carros, que de cotío desfilaban pola rúa, chirriasen. Era día grande e todo estaba permitido.

Co paso dos anos os carros fóronse ampliando, así puidemos chegar a ver catro carros xunguidos que representan o proceso da sementeira, colleita e fabricación do pan.

No ano 1989 créase a asociación "AMIGOS DO FOLIÓN" co motivo de mellora-la organización e posta en marcha do mesmo, así como para conservalo. Unha das súas contribucións maiores é a de aporta-las plataformas para a construción do motivo a representar, pois hoxe en día quedan xa poucos carros. Estas plataformas que chegan a supera-los

nove metros de longo, dan unha maior vistosidade ao motivo representado e resultan máis lixeiras para o seu transporte por parte das xugadas das vacas.

En canto temas a representar, son moitos e moi variados, así debemos facer mención dos máis representativos: "O noso lar", "Nosa Señora do Faro", "A malla", "A feira", "A ribeira",... Títulos que nos dan a coñecer un pouco o pasado e que hoxe gracias "Ó Folión" vanse conservando.

É o último sábado do mes de agosto, son as once da noite, comenza O folión, e con el o desfile de carros, a xente amontóase para velos pasar e así contempla-las peripecias e anécdotas que os membros de cada un deles realizan para, pouco a pouco, chegar a un xurado que valorará un traballo ben feito.